

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

12699 *Real decreto 1112/2018, do 7 de setembro, sobre accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles do sector público.*

A Directiva (UE) 2016/2102 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2016, sobre a accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles dos organismos do sector público, ten como obxecto, co fin de mellorar o funcionamento do mercado interior, aproximar as disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas aos requisitos de accesibilidade, entendendo a accesibilidade como un conxunto de principios e técnicas que se deben respectar á hora de deseñar, construír, manter e actualizar os sitios web e as aplicacións para dispositivos móbiles.

A directiva cobre todos os sitios web e aplicacións móbiles do sector público, desde os da Administración estatal, administracións rexionais e locais, tribunais e órganos constitucionais aos dos servizos xestionados por estas como hospitais, colexios, universidades, bibliotecas públicas, etc.

Neste contexto, a directiva exige que os sitios web e as aplicacións para dispositivos móbiles dos organismos do sector público se baseen en requisitos comúns de accesibilidade establecidos a nivel europeo, para poñer fin á fragmentación do mercado e á diferenciación técnica hoxe existente, evitar que os países apliquen diferentes versións, niveis de cumprimento ou teñan diferenzas técnicas a escala nacional, reducir a incerteza dos desenvolvedores e fomentar a interoperabilidade. Todos estes aspectos, que deberían redundar nun aumento do potencial mercado interior dos produtos e servizos relacionados coa accesibilidade de sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles e, daquela, contribuír ao crecemento económico e á creación de emprego na Unión Europea.

Para a consecución deste obxectivo e asegurar que os cidadáns se beneficien dun acceso máis amplo aos servizos do sector público mediante sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles cada vez máis accesibles, a directiva establece uns requisitos mínimos de accesibilidade obrigatorios e adopta normas aplicables ao deseño, construción, mantemento e actualización de tales sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles. Pola súa vez, imponse a elaboración, actualización periódica e publicación dunha declaración de accesibilidade sobre a conformidade dos seus sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles cos requisitos mínimos de accesibilidade que estean establecidos, facilitando a adaptación ao estado da técnica en cada momento. Non obstante, a directiva prevé excepcións ao cumprimento destes requisitos cando supoñan unha carga desproporcionada para o organismo, sen que en ningún caso a falta de prioridade, tempo ou coñecementos poidan ser considerados como motivos lexítimos para a excepción.

Por outro lado, para garantir o cumprimento das previsións establecidas nesta directiva exíxese a cada Estado membro a creación dun mecanismo de comunicación vinculado a un procedemento de aplicación que permita, a calquera persoa usuaria dun sitio web ou dunha aplicación para dispositivos móbiles dun organismo do sector público, informar da existencia de incumprimentos dos requisitos de accesibilidade, formular queixas e formular suxestións. Así como o establecemento dun órgano, responsable do procedemento de aplicación, que garanta que as comunicacións e solicitudes recibidas se tratan de forma efectiva.

Así mesmo, a Directiva (UE) 2016/2102, do 26 de outubro de 2016, impón aos Estados membros a obriga de establecer un sistema de seguimento e presentación de informes periódicos á Comisión Europea, a adopción de medidas de promoción, formación e concienciación en materia de accesibilidade de todos os implicados e responsables

xerárquicos e, por último, invita os Estados membros a ampliar o ámbito de aplicación das súas normas a outros tipos de sitios web e de aplicacións para dispositivos móbiles.

Desde o punto de vista normativo, a necesidade de regular unhas condicións básicas de accesibilidade para a utilización de servizos relacionados coa sociedade da información recoñécese por primeira vez no noso ordenamento interno na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, que fixaba ao Goberno un prazo de dous anos para o seu establecemento. Os preceptos da dita lei, actualmente derrogada, encóntranse incluídos no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Posteriormente, o 4 de decembro de 2005, o Consello de Ministros adoptou, mediante acordo, o Plan 2006-2010 para o desenvolvemento da sociedade da información e de converxencia con Europa e entre comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía (Plan Avanza), que incluía un mandato dirixido ao daquela Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e ao Ministerio de Administracións Públicas para que elaborasen un proxecto de real decreto que regulase as ditas condicións básicas. Froito deste mandato é o Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social, aprobado polo Real decreto 1494/2007, do 12 de novembro, que inclúe, no seu capítulo III, medidas específicas en materia de accesibilidade para as páxinas da internet das administracións públicas ou entidades con financiamento público.

Tamén existen outras normas que fan referencia aos requisitos de accesibilidade dos sitios web das administracións públicas para as cales este novo real decreto asentará as bases. Algunhas delas son a Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza, a Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, e a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. Este real decreto complementa o Real decreto 1494/2007, do 12 de novembro, e, para iso, derroga os artigos do regulamento que fan referencia á accesibilidade das páxinas da internet, os artigos 5, 6 e 7, e desenvólveos con maior detalle. Polo tanto, este regulamento recolle os aspectos relativos aos requisitos mínimos de accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles do sector público e adopta as medidas necesarias para cumprir coas disposicións da Directiva (UE) 2016/2102, do 26 de outubro de 2016, e, deste modo, seguir garantindo que a accesibilidade e non discriminación, en xeral e especialmente das persoas con discapacidade nas súas relacións co sector público, sexan reais e efectivas. Para tal efecto, ademais de establecer os requisitos mínimos que se deben cumprir e incorporar o resto de actuacións previstas na directiva, este real decreto establece o sistema a través do cal as persoas usuarias poderán comunicar ao organismo do sector público calquera posible incumprimento por parte do seu sitio web ou da súa aplicación para dispositivos móbiles dos requisitos de accesibilidade establecidos, e que tamén permita solicitar ás persoas interesadas, logo de solicitude razoable e lexítima, a información sobre contidos que están excluídos do ámbito de aplicación deste real decreto ou exentos do cumprimento dos requisitos de accesibilidade por impoñer unha carga desproporcionada.

A posibilidade de acudir ao Defensor do Pobo como propón a directiva, no seu artigo 9, xa está recollida na regulación española actual e reflíctese na Lei orgánica 3/1981, do 6 de abril, do Defensor do Pobo, que prevé a posibilidade de interpoñer queixas ante o Defensor do Pobo para a defensa dos dereitos do título I da Constitución española, e

referidas ao funcionamento da Administración, o que inclúe as actuacións de todo o sector público en materia de accesibilidade co nivel de obrigas que impoña en cada momento a regulación vixente.

Tamén existe a Oficina de Atención á Discapacidade de acordo co previsto no texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro. A dita oficina é o órgano do Consello Nacional da Discapacidade, de carácter permanente e especializado, encargado de promover a igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, e realiza as funcións de asesoramento, análise e estudo das queixas, denuncias e consultas presentadas polas persoas con discapacidade nos ámbitos das telecomunicacións e da sociedade da información, entre outras.

Por outro lado, este real decreto tamén incorpora, nunha disposición adicional, os requisitos impostos ás páxinas da internet de entidades, empresas e centros que prestan servizos públicos a través dunha concesión pública, ou algunha outra vía contractual coa Administración.

Así mesmo, e tamén nunha disposición adicional, establécense os criterios de accesibilidade aplicables aos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles dos órganos constitucionais do Estado e dos órganos legislativos e de control autonómicos, mediante a adecuación da súa normativa específica ao establecido neste real decreto, e sempre de acordo co establecido nesta.

Con respecto á súa entrada en vigor, a directiva dá flexibilidade aos estados membros exixindo que, como mínimo, se apliquen todas as previsións para sitios web novos antes do 23 de setembro de 2019 e para todos os sitios web antes do 23 de setembro de 2020. Considerando que en España se parte dunha lexislación existente en que para sitios web xa se estaban a exixir gran parte destes requisitos, deseñouse a entrada en vigor deste real decreto dando continuidade ás previsións do Real decreto 1494/2007, do 12 de novembro. Deste modo, no contexto español, optouse por unha introdución graduada nos mesmos termos que a directiva unicamente para os aspectos relacionados coa xestión das queixas e reclamacións e as aplicacións móbiles. Tamén, atendendo as solicitudes recibidas desde o sector das persoas con discapacidade, se adelantaron algúns dos prazos previstos na directiva. En calquera caso, as previsións deste real decreto adaptáronse temporalmente para facer posible responder en tempo e forma á Comisión Europea con respecto ao seguimento e presentación de informes. O presente real decreto ten carácter de lexislación básica ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a e 18.^a da Constitución española.

Na elaboración deste real decreto solicitáronse os informes do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, do Consello Estatal das Persoas Maiores, do Consello Nacional da Discapacidade, en que teñen representación as organizacións representativas de persoas con discapacidade, do Consello de Consumidores e Usuarios, do Consello Estatal de Organizacións non Governamentais de Acción Social, da Comisión Sectorial de Administración Electrónica da Conferencia Sectorial de Administración Pública, da Comisión de Estratexia TIC da Administración Xeral do Estado e do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica.

O presente real decreto, que, conforme o artigo 25 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, está incluído no Plan anual normativo de 2018, asume o mandato de transposición da Directiva (UE) 2016/2102, do 26 de outubro de 2016. A transposición baseouse nos principios da boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En particular, axústase ao principio de necesidade e eficacia ao cumprir a obriga de incorporar ao dereito nacional con fidelidade o texto da directiva; así como aos principios de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para o fin que se persegue, transparencia, na medida que reforza as garantías que o rodean e favorece o seu cumprimento, así como de seguridade xurídica, posto que se realiza co fin de manter un marco normativo estable, predicible, integrado e claro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Política Territorial e Función Pública, da ministra de Economía e Empresa e da ministra de Sanidade, Consumo e Benestar Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 7 de setembro de 2018,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto garantir os requisitos de accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles dos organismos do sector público e outros obrigados incluídos no ámbito de aplicación do artigo 2.

2. Para os efectos deste real decreto enténdese por accesibilidade o conxunto de principios e técnicas que se deben respectar ao deseñar, construír, manter e actualizar os sitios web e as aplicacións para dispositivos móbiles para garantir a igualdade e a non discriminación no acceso das persoas usuarias, en particular das persoas con discapacidade e das persoas maiores.

Artigo 2. *Ámbito subxectivo.*

1. Este real decreto aplícase ao sector público que comprende:

- a) A Administración xeral do Estado.
- b) As administracións das comunidades autónomas.
- c) As entidades que integran a Administración local.
- d) O sector público institucional, nos termos establecidos no artigo 2.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- e) As asociacións constituídas polas administracións, entes, organismos e entidades que integran o sector público.

2. O disposto neste real decreto tamén será de aplicación á Administración de xustiza.

Artigo 3. *Ámbito obxectivo de aplicación.*

1. Este real decreto aplícase tanto aos sitios web, independentemente do dispositivo empregado para acceder a eles, como ás aplicacións para dispositivos móbiles dos organismos do sector público e outros obrigados incluídos no ámbito de aplicación do artigo 2.

2. O contido accesible dos sitios web e das aplicacións para dispositivos móbiles inclúe a información tanto textual como non textual, os documentos e formularios que se poden descargar, os contidos multimedia pregravados de base temporal, as formas de interacción bidireccional, o tratamento de formularios dixitais e a formalización dos procesos de identificación, autenticación, sinatura e pagamento con independencia da plataforma tecnolóxica que se use para a súa posta á disposición do público.

3. Están excluídos deste real decreto e regularanse pola súa normativa específica os contidos multimedia en directo e pregravado de base temporal dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles de prestadores do servizo público de radiodifusión e as súas filiais, así como os doutros organismos ou as súas filiais que cumpran un mandato de servizo público de radiodifusión.

4. Así mesmo, quedan excluídos do ámbito de aplicación do presente real decreto os seguintes contidos:

- a) Formatos de arquivo de ofimática publicados antes da entrada en vigor deste real decreto, salvo que estes sexan necesarios para tarefas administrativas activas relativas ás funcións realizadas polos suxeitos obrigados por este real decreto.
- b) Contido multimedia pregravado de base temporal publicado antes da entrada en vigor deste real decreto.
- c) Contido multimedia en directo de base temporal salvo o disposto noutra lexislación específica que obrigue ao respecto.
- d) Servizos de mapas e cartografía en liña, sempre e cando a información esencial se proporcione de xeito accesible dixitalmente no caso de mapas destinados para fins de navegación.
- e) Contidos de terceiros que non estean financiados nin desenvolvidos polo suxeito obrigado nin estean baixo o seu control.
- f) Reproducións de bens de coleccións do patrimonio que non se poidan facer plenamente accesibles por algunha das seguintes causas:
 - 1.º Incompatibilidade dos requisitos de accesibilidade coa conservación do ben de que se trate ou coa autenticidade da reprodución.
 - 2.º Indispoñibilidade de solucións automatizadas e rendibles que permitan extraer o texto de manuscritos ou outros bens de coleccións do patrimonio e transformalos en contidos compatibles cos requisitos de accesibilidade.
- g) Contidos da extranet e intranet entendidos como sitios web accesibles unicamente para un grupo restrinxido de persoas e non para o público en xeral, publicados, antes do 23 de setembro de 2019, ata que os ditos sitios web sexan obxecto dunha revisión substancial.
- h) Contidos de sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles que teñan a condición de arquivos ou ferramentas de arquivo por conteren unicamente contidos non necesarios para o desenvolvemento de calquera tarefa administrativa activa, sempre que non fosen actualizados nin editados con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto.

Artigo 4. *Definicións.*

Para os efectos do presente real decreto enténdese por:

- a) Sitio web: é un conxunto de arquivos electrónicos e páxinas web referentes a un tema en particular baixo un nome de dominio específico a que se accede utilizando un navegador web.
- b) Aplicacións para dispositivos móbiles: son as aplicacións informáticas deseñadas e desenvolvidas para ser usadas polo público en xeral en dispositivos móbiles, entre os que se inclúen os teléfonos intelixentes e os comprimidos. Non inclúen o programa «software» que controla os ditos dispositivos (sistemas operativos para dispositivos móbiles) nin o equipo informático.
- c) Arquivo ofimático: son os documentos que non están destinados, en principio, a ser utilizados na web, pero están incluídos en sitios web, que poden estar realizados, entre outros, en formato estándar Portable Document Format (PDF), ou ter sido confeccionados mediante procesadores de texto, follas de cálculo ou aplicacións para a realización de presentacións.
- d) Bens de coleccións de patrimonio: son os bens de propiedade pública ou privada que presentan un interese histórico, arqueolóxico, estético, científico ou técnico e que forman parte de coleccións conservadas por institucións culturais como bibliotecas, arquivos e museos.
- e) Contido dos sitios web e das aplicacións para dispositivos móbiles: é a información tanto textual como non textual, os documentos e formularios que se poden descargar, así como as formas de interacción bidireccional, como o tratamento de formularios dixitais e a formalización dos procesos de identificación, autenticación, sinatura e pagamento.
- f) Contido multimedia de base temporal: son os ficheiros multimedia que poden ser dos seguintes tipos: só audio, só vídeo, audio e vídeo, ou calquera dos anteriores combinado con interacción.

g) Contidos multimedia pregravados: son os contidos multimedia de base temporal emitidos en directo que se manteñen en liña ou se volven emitir tras a súa transmisión en directo, inmediatamente despois da data da emisión inicial ou da nova emisión.

h) Datos das medicións: son os resultados cuantificados da actividade de seguimento levada a cabo co fin de comprobar a conformidade dos sitios web e as aplicacións para dispositivos móbiles cos requisitos de accesibilidade exixidos. Inclúen tanto a información cuantitativa sobre as mostras de sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles comprobadas como a información cuantitativa sobre o nivel de accesibilidade.

i) Norma: son as especificacións técnicas adoptadas por un organismo de normalización recoñecido, de aplicación repetida ou continua, cuxa observancia non é obrigatoria.

j) Norma europea: é unha norma adoptada por unha organización europea de normalización.

k) Norma harmonizada: é unha norma europea adoptada a raíz dunha petición da Comisión Europea para a aplicación da lexislación de harmonización da Unión Europea.

l) Perceptibilidade: é o principio da accesibilidade que exige que a información e os compoñentes da interface de usuario se presenten ás persoas usuarias de maneira que os poidan percibir.

m) Operabilidade: é o principio da accesibilidade que exige que os compoñentes e a navegación da interface de usuario os poida utilizar calquera persoa usuaria.

n) Comprensibilidade: é o principio da accesibilidade que exige que a información e o funcionamento da interface de usuario os poida comprender calquera persoa usuaria.

ñ) Robustez: é o principio da accesibilidade que exige que os contidos sexan suficientemente sólidos para poder ser interpretados de forma fiable por unha gran variedade de axentes de usuario, incluídas as tecnoloxías de asistencia.

Artigo 5. Requisitos para a accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles.

1. Os sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles das entidades obrigadas incluídas no ámbito de aplicación do presente real decreto deberán ser accesibles para as súas persoas usuarias e, en particular, para as persoas maiores e persoas con discapacidade, de modo que os seus contidos sexan perceptibles, operables, comprensibles e robustos, tendo en conta as normas do artigo 6.

2. A accesibilidade terase presente de forma integral no proceso de deseño, xestión, mantemento e actualización de contidos dos sitios web e as aplicacións para dispositivos móbiles.

3. As entidades obrigadas adoptarán, sempre que sexa posible, medidas para aumentar a accesibilidade dos seus sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles respecto do nivel mínimo de accesibilidade que se deba cumprir en cada momento.

Artigo 6. Presunción de conformidade cos requisitos de accesibilidade.

1. Presumirase que o contido dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles que cumpra as normas harmonizadas ou partes destas, cuxas referencias fosen publicadas no «Diario Oficial de la Unión Europea», é conforme cos requisitos de accesibilidade establecidos no artigo 5 que estean cubertos polas ditas normas ou partes delas.

2. No caso de que non se publicasen as referencias das normas harmonizadas a que se refire o número 1, presumirase que o contido das aplicacións para dispositivos móbiles que cumpra as especificacións técnicas ou partes destas, que a Comisión adoptase mediante os correspondentes actos de execución, é conforme cos requisitos de accesibilidade establecidos no artigo 5 que estean cubertos polas ditas especificacións técnicas ou partes delas.

3. No caso de que non se publicasen as referencias das normas harmonizadas a que se refire o número 1, presumirase que o contido dos sitios web que cumpra os requisitos pertinentes da norma EN 301 549 V1.1.2 (2015-04) ou partes destes é conforme cos requisitos de accesibilidade establecidos no artigo 5 que estean cubertos polos ditos requisitos ou partes deles.

No caso de que non se publicasen as referencias das normas harmonizadas a que se refire o número 1, e en ausencia das especificacións técnicas a que se refire o número 2, presumirase que o contido de aplicacións para dispositivos móbiles que cumpra os requisitos pertinentes da norma EN 301 549 V1.1.2 (2015-04) ou partes destes é conforme cos requisitos de accesibilidade establecidos no artigo 5 que estean cubertos polos ditos requisitos ou partes deles.

4. Aplicaranse directamente as actualizacións de referencias á norma EN 301 549 V1.1.2 (2015-04) que a Comisión adopte mediante actos delegados para facer referencia a unha versión máis recente da dita norma ou a unha norma europea que a substitúa.

5. O órgano encargado de realizar o seguimento e presentación de informes ante a Comisión Europea manterá dispoñible no seu sitio web a referencia concreta ás normas harmonizadas, normas e especificacións técnicas que sexan de aplicación en cada momento.

Artigo 7. *Carga desproporcionada.*

1. Con carácter excepcional, en atención á carga desproporcionada que o cumprimento dos requisitos de accesibilidade poida supoñer para a entidade obrigada, poderase exceptuar o cumprimento dos requisitos de accesibilidade recollidos no presente real decreto.

A excepción ao cumprimento dos requisitos de accesibilidade deberá ser motivada e limitarse ao contido concreto e ao estritamente necesario para reducir a carga. Non obstante, a entidade deberá facer estes contidos o máis accesibles posible e cumprir todos os requisitos de accesibilidade no resto de contidos.

2. Considerase carga desproporcionada aquela que impón á entidade obrigada unha carga financeira e organizativa excesiva ou que compromete a súa capacidade para cumprir o seu labor ou para publicar a información necesaria e pertinente para as súas tarefas e servizos, tendo en conta ao mesmo tempo o posible beneficio ou prexuízo para os cidadáns, en particular, para as persoas con discapacidade e persoas maiores.

3. Non se consideran motivos que permitan apreciar a excepción da carga desproporcionada a falta de prioridade, de tempo ou de coñecementos. Así mesmo, tampouco é posible xustificar a necesidade de adquirir ou desenvolver sistemas informáticos, para a xestión de contidos de sitios web, e aplicacións para dispositivos móbiles que non sexan accesibles.

4. Co fin de avaliar en que medida o cumprimento dos requisitos de accesibilidade previstos neste real decreto impón unha carga desproporcionada, as entidades obrigadas deberán ter en conta, como mínimo, as seguintes circunstancias:

- a) O tamaño, os recursos e a natureza do suxeito concreto obrigado.
- b) Os custos e beneficios estimados para este, en relación cos beneficios estimados para as persoas con discapacidade e as persoas maiores, tendo en conta a frecuencia e a duración do uso do sitio web ou aplicación para dispositivos móbiles en especial.

5. A entidade obrigada concreta que se desexe acoller á excepción recollida no número 1 deste artigo deberá levar a cabo unha avaliación inicial da medida en que o cumprimento dos requisitos de accesibilidade previstos neste real decreto impón unha carga desproporcionada, e deberá facelo constar por escrito mediante o correspondente informe. A dita avaliación deberá revisarse, polo menos, unha vez ao ano para considerar os posibles cambios organizacionais ou técnicos.

6. En todo caso, na declaración de accesibilidade para o sitio web concreto ou a aplicación para dispositivos móbiles concreta, logo de realizar a correspondente avaliación, faranse constar as partes dos requisitos de accesibilidade que non pode cumprir e, se é o caso, ofreceranse alternativas accesibles segundo os termos definidos no artigo 15.

Artigo 8. *Promoción, concienciación e formación.*

1. Os organismos do sector público e outros obrigados, incluídos no ámbito de aplicación do artigo 2, adoptarán medidas de sensibilización e divulgación para incrementar

a concienciación dentro das administracións públicas e na sociedade en xeral sobre os requisitos de accesibilidade e a universalidade dos seus beneficios, así como sobre todas as medidas postas en práctica con este real decreto, especialmente, a posibilidade e medios para reclamar en caso de incumprimento das previsións establecidas.

2. En particular, as entidades obrigadas velarán pola concienciación en materia de accesibilidade de todo o persoal ao seu servizo e, especificamente, daqueles órganos ou unidades con competencias no desenvolvemento dos sitios web e as aplicacións para dispositivos móbiles do sector público, así como dos encargados da edición e xeración dos seus contidos.

3. As entidades obrigadas fomentarán e facilitarán programas de formación internos que garantan coñecementos actualizados sobre as condicións de accesibilidade na creación, xestión e actualización dos contidos dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles. Para iso:

a) Os correspondentes institutos e organismos competentes en materia de formación na función pública incluírán nos seus plans de formación actividades en relación coa accesibilidade dos sitios web e os seus contidos e das aplicacións para dispositivos móbiles.

b) As entidades obrigadas establecerán, como complemento dos anteriores, programas de formación específicos na materia para o persoal ao seu servizo, especialmente, para os que pertencen a órganos ou unidades con competencias no desenvolvemento dos sitios web e as aplicacións para dispositivos móbiles, así como para as persoas encargadas da edición e xeración de contidos.

4. Os organismos do sector público e outros obrigados incluídos no ámbito de aplicación do artigo 2 promoverán medidas de sensibilización, divulgación, educación e formación no terreo da accesibilidade, co obxecto de lograr que os titulares doutros sitios web ou aplicacións móbiles distintas daquelas a que se refire este real decreto incorporen, progresivamente e na medida do posible, os criterios de accesibilidade, particularmente, aquelas cuxo contido se refira a bens e servizos á disposición do público.

5. Respecto das webs e dispositivos móbiles, os organismos do sector público e outros obrigados incluídos no ámbito de aplicación do artigo 2 observarán os mandatos sobre promoción da accesibilidade universal contidos nas disposicións normativas específicas en materia de contratación pública e farán uso das facultades e posibilidades que esta lexislación ofrece aos órganos contratantes para ampliar e elevar os niveis de accesibilidade dixital na adquisición de bens, produtos e servizos.

Artigo 9. *Participación das persoas interesadas.*

As administracións públicas determinarán os mecanismos de participación das persoas interesadas e das persoas usuarias no seguimento das políticas de accesibilidade dos sitios web e as aplicacións para dispositivos móbiles, tendo en conta, especialmente, as organizacións representativas de persoas con discapacidade e persoas maiores, e as súas familias.

CAPÍTULO II

Comunicacións, queixas e reclamacións

Artigo 10. *Mecanismos de comunicación.*

1. As entidades obrigadas deberán ofrecer ás persoas usuarias un mecanismo de comunicación que permita a calquera persoa presentar suxestións e queixas, así como informar sobre calquera posible incumprimento por parte do seu sitio web ou da súa aplicación para dispositivos móbiles dos requisitos de accesibilidade e solicitar a información excluída.

2. Distingúense dúas modalidades en función da natureza da comunicación e dos efectos e tratamento que esta vaia ter:

a) Comunicacions sobre requisitos de accesibilidade. Permite a calquera persoa física e xurídica informar sobre calquera posible incumprimento por parte do sitio web ou da aplicación para dispositivos móbiles dos requisitos de accesibilidade establecidos. Tamén permite transmitir outras dificultades de acceso ao contido ou formular calquera outra consulta ou suxestión de mellora relativa á accesibilidade do sitio web ou aplicación para dispositivos móbiles.

b) Solicitudes de información accesible e queixas. Permite a calquera persoa física ou xurídica formular queixas relativas ao cumprimento dos requisitos deste real decreto e solicitar a información relativa a contidos que están excluídos do ámbito de aplicación deste real decreto, segundo o establecido polo artigo 3, número 4, ou exentos do cumprimento dos requisitos de accesibilidade por impoñeren unha carga desproporcionada.

Artigo 11. *Comunicacións sobre requisitos de accesibilidade.*

As comunicacións sobre requisitos de accesibilidade poderán presentarse mediante medios electrónicos habilitando un enderezo de correo electrónico específico ou un formulario que permita a presentación telemática. Adicionalmente, habilitarase, polo menos, unha das seguintes canles complementarias á electrónica: un teléfono ou unha oficina física de atención.

Artigo 12. *Solicitudes de información accesible e queixas.*

1. As solicitudes de información accesible e queixas serán presentadas e rexistradas conforme os requisitos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. No caso das solicitudes de información accesible, a persoa interesada deberá concretar, con toda claridade, os feitos, razóns e petición que permitan constatar que se trata dunha solicitude razoable e lexítima.

3. Recibidas as solicitudes de información accesible e queixas, a entidade obrigada deberá responder á persoa interesada no prazo de vinte días hábiles.

4. O transcurso do dito prazo poderase suspender no caso de que se deba requirir a persoa interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, formule as aclaracións necesarias para a correcta tramitación da solicitude de información accesible ou queixa. Transcorrido o dito prazo sen que a persoa interesada realizase as aclaracións oportunas, continuarase coa súa tramitación.

5. A resposta deberá incluír a seguinte información:

- a) A unidade que emite a resposta.
- b) A decisión que se adoptou.
- c) Se é o caso, a información accesible solicitada.
- d) Se é o caso, o prazo estimativo e a unidade responsable de levar a cabo as medidas para corrixir un posible incumprimento, se estas non se poden adoptar de inmediato.
- e) A unidade ante a cal se pode reclamar e o procedemento polo cal se pode facer a reclamación.

6. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que se notificase a resposta entenderase que a solicitude de información accesible non foi aceptada ou que a queixa non foi considerada.

Artigo 13. *Procedemento de reclamación.*

1. Se unha vez realizada unha solicitude de información accesible ou queixa, esta fose desestimada, non se estivese de acordo coa decisión adoptada ou a resposta non cumprise os requisitos recollidos no artigo 12.5, a persoa interesada poderá iniciar unha

reclamación para coñecer e opoñerse aos motivos da desestimación, instar a adopción das medidas oportunas no caso de non estar de acordo coa decisión adoptada ou expoñer as razóns polas que se considera que a resposta non cumpre cos requisitos exixidos.

Igualmente, poderase iniciar unha reclamación no caso de que transcorrese o prazo de vinte días hábiles sen obter resposta.

2. A dita reclamación deberá ser presentada e rexistrada conforme os requisitos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A reclamación deberá dirixirse á unidade responsable de accesibilidade dese ámbito competencial, ou se a resposta se realiza desde a propia unidade responsable de accesibilidade, ao superior xerárquico desta.

3. As entidades obrigadas deberán incluír na declaración de accesibilidade a unidade á cal elevar as reclamacións xunto co enlace ao sistema de rexistro en que se deberá realizar a dita reclamación.

4. Recibida a reclamación, a unidade responsable de atendela deberá responder á persoa interesada no prazo máximo de dous meses.

5. O transcurso do dito prazo poderase suspender no caso de que se deba requirir a persoa interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, formule as aclaracións necesarias para a correcta tramitación da reclamación. Transcorrido o dito prazo sen que a persoa interesada realizase as aclaracións oportunas, continuarase coa tramitación da reclamación.

6. Transcorrido o prazo máximo para resolver a reclamación sen que se notificase a resolución desta, entenderase que a reclamación foi desestimada.

Artigo 14. *Recurso.*

Contra a resolución da reclamación regulada nos anteriores artigos poderanse interpoñer os recursos administrativos que procedan, de conformidade co disposto no artigo 112 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de 2015.

CAPÍTULO III

Control, revisión, seguimento e presentación de informes

Artigo 15. *Declaración de accesibilidade.*

1. As entidades responsables das webs e aplicacións para móbiles proporcionarán unha declaración de accesibilidade detallada, exhaustiva e clara sobre a conformidade dos seus respectivos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles co disposto neste real decreto. A dita declaración será actualizada periodicamente, como mínimo unha vez ao ano, ou cada vez que se realice unha revisión de accesibilidade conforme o especificado no artigo 17.

Esta declaración de accesibilidade proporcionarase nun formato accesible facendo uso das instrucións e do modelo de declaración de accesibilidade que se estableza conforme o disposto no número 3.

No caso dos sitios web, a declaración publicarase no sitio web correspondente e o seu acceso estará dispoñible desde todas as páxinas do sitio web cun enlace denominado «Accesibilidade» ou o seu equivalente no idioma en que se encontre dispoñible a páxina.

No caso das aplicacións para dispositivos móbiles, a declaración estará dispoñible no sitio web da entidade obrigada que desenvólvese a aplicación concreta para dispositivos móbiles xunto co enlace para a súa descarga ou ben facilitarase xunto con outra información dispoñible ao descargar a aplicación das plataformas de distribución de aplicacións.

2. A declaración de accesibilidade comprenderá, como mínimo, a seguinte información:

a) Unha explicación sobre aquelas partes do contido que non sexan accesibles e as razóns da dita inaccesibilidade, así como, se é o caso, as alternativas accesibles que se ofrezan.

b) Un enlace e descrición do mecanismo de comunicación nos termos que se establecen nos artigos 10, 11 e 12 do presente real decreto.

c) Un enlace ao procedemento de reclamación regulado no artigo 13 a que calquera persoa interesada poida recorrer en caso de que a resposta á comunicación ou á solicitude sexa insatisfactoria.

3. Mediante orde da ministra de Política Territorial e Función Pública aprobaranse instrucións específicas para a xeración e posta á disposición das declaracións de accesibilidade de aplicación en todo o territorio nacional de acordo cos requisitos especificados no modelo europeo.

Artigo 16. *Unidade responsable de accesibilidade.*

1 Cada entidade obrigada determinará a unidade responsable de garantir o cumprimento dos requisitos de accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles dentro do seu ámbito competencial.

Na Administración xeral do Estado designaranse as unidades responsables de accesibilidade no ámbito das subsecretarías de cada departamento considerando todos os posibles organismos públicos e entidades de dereito público dependentes dese departamento.

Nas comunidades autónomas designarase a unidade responsable de accesibilidade para todo o ámbito autonómico.

Nas entidades locais e demais organismos obrigados designarase, conforme as súas características organizativas propias, a unidade responsable de accesibilidade do seu ámbito.

2. A unidade responsable de accesibilidade definirá o modelo de funcionamento dentro do seu ámbito competencial actuando directamente sobre todo o ámbito ou cun posible esquema de responsables de accesibilidade delegados nos diferentes organismos ou entidades dependentes.

3. A unidade responsable de accesibilidade terá as seguintes funcións:

a) Coordinar e velar polo funcionamento efectivo dos mecanismos de comunicación establecidos no capítulo II axudando á definición, emitindo directrices e promovendo a existencia dos medios e procedementos para garantir unha axeitada xestión e atención de cantas consultas, suxestións, comunicacións, queixas e solicitudes de información accesible se reciban en cada un dos órganos, organismos ou entidades baixo a súa competencia.

b) Atender e dar resposta ás reclamacións que, en aplicación do disposto no artigo 13, lle sexan dirixidas.

c) Revisar as avaliacións realizadas para acollerse á excepción do cumprimento dos requisitos de accesibilidade por impoñer estes unha carga desproporcionada regulada no artigo 7.

d) Coordinar as revisións periódicas de accesibilidade, establecidas no artigo 17, coa colaboración, se é o caso, das unidades de tecnoloxías da información e comunicacións.

e) Coordinar e fomentar as actividades de promoción, concienciación e formación establecidas no artigo 8.

f) Realizar os informes que se determinen para garantir o cumprimento das previsións establecidas no artigo 19.

g) Actuar como punto de contacto co organismo encargado de realizar o seguimento e presentación de informes e colaborar coas tarefas que ten asignadas.

h) Calquera outra que, en garantía da accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles, lle poida ser atribuída.

4. Deberanse notificar ao órgano encargado de realizar o seguimento e presentación de informes a que se refire o artigo 18 as designacións, modificacións ou baixas das correspondentes unidades responsables de accesibilidade.

Artigo 17. Revisión da accesibilidade.

1. As entidades obrigadas polo presente real decreto realizarán revisións do cumprimento dos requisitos de accesibilidade establecidos tanto na fase de deseño dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles como antes da súa posta en funcionamento.

2. Unha vez posto en funcionamento un sitio web ou aplicación para dispositivos móbiles, as entidades obrigadas realizarán revisións periódicas do cumprimento dos requisitos de accesibilidade co fin de garantir o mantemento do seu cumprimento ao longo do tempo. Especialmente, deberase ter en conta o caso dos contidos engadidos ou modificados durante o ciclo de vida dos sitios web, así como as actualizacións tecnolóxicas destes últimos e das aplicacións para dispositivos móbiles.

3. As revisións de accesibilidade deberán abranger todos os requisitos exixidos e terán en consideración tanto aspectos de revisión automática como aspectos de revisión manual experta. O resultado destas deberá quedar recollido nun informe de revisión da accesibilidade.

4. Mediante orde da ministra de Política Territorial e Función Pública poderanse aprobar un modelo e as condicións específicas para realizar estas revisións de accesibilidade que poderán ampliar o establecido na metodoloxía europea para o seguimento da conformidade. En calquera caso, estas revisións deberán respectar as condicións mínimas exixidas para as revisións en profundidade dun sitio web ou aplicación móbil que estableza a metodoloxía europea.

5. As entidades obrigadas poderán certificar o cumprimento dos requisitos deste real decreto nos seus sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles por parte dunha entidade de certificación cuxa competencia técnica fose recoñecida formalmente pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) ou doutro organismo nacional, de acordo co Regulamento (CE) nº 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) nº 339/93.

6. En calquera caso, a primeira revisión de accesibilidade deberase ter realizado, no caso dos sitios web, antes de dous anos desde a entrada en vigor deste real decreto e, no caso das aplicacións móbiles, antes de tres anos desde a entrada en vigor deste real decreto.

Artigo 18. Seguimento e presentación de informes.

1. O órgano encargado de realizar o seguimento e presentación de informes ante a Comisión Europea é o Ministerio de Política Territorial e Función Pública.

2. Este órgano poderá comprobar periodicamente o estado de situación con respecto á conformidade dos sitios web e as aplicacións para dispositivos móbiles dos organismos do sector público cos requisitos de accesibilidade, baseándose na metodoloxía para o seguimento da conformidade prevista no artigo 8.2 da Directiva (UE) 2016/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2016, sobre a accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles dos organismos do sector público, segundo sexa determinado pola Comisión Europea nos correspondentes actos de execución.

Este órgano tamén poderá realizar verificacións sobre mostras aleatorias con respecto á exactitude dos informes de revisión da accesibilidade definidos no artigo 17.

3. Este órgano presentará á Comisión Europea, como máis tarde o 23 de decembro de 2021 e posteriormente cada tres anos, un informe sobre o resultado do seguimento que se fará público en formato accesible.

4. O dito informe deberá axustarse ao que se determine nos actos de execución que adoptará a Comisión Europea para a presentación de informes de Directiva (UE) 2016/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2016. En calquera caso deberá incluír:

- a) Os datos das medicións.
- b) Información sobre o uso do procedemento de reclamación establecido no artigo 13.
- c) Información sobre os elementos enumerados no número 5 cando sexan obxecto de cambios significativos respecto do informe anterior.

5. O primeiro informe comprenderá tamén:

- a) Unha descrición dos mecanismos creados en España para consultar as persoas interesadas sobre a accesibilidade dos sitios web e as aplicacións para dispositivos móbiles;
- b) Procedementos para facer pública calquera evolución das políticas de accesibilidade relacionada cos sitios web e as aplicacións para dispositivos móbiles;
- c) Experiencias e conclusións extraídas da aplicación das normas sobre conformidade cos requisitos de accesibilidade establecidos;
- d) Información sobre actividades de formación e concienciación.

Artigo 19. *Coordinación para o seguimento e presentación de informes.*

1. Cada unidade responsable de accesibilidade preparará tres informes anuais sobre o seu ámbito de actuación concreto, que terá dispoñibles antes do 1 de outubro de cada ano a partir do ano 2020:

a) Informe sobre a atención de queixas e reclamacións. O dito informe incluírá as medidas postas en práctica para atender as cuestións formuladas no artigo 16.3.a) xunto a un estudo das comunicacións, consultas, suxestións, solicitudes de información accesible e queixas formuladas a través deste. Tamén incluírá un estudo das reclamacións atendidas e revisións realizadas segundo o artigo 16.3.b) e c).

b) Informe de seguimento sobre o cumprimento dos requisitos de accesibilidade dentro do seu ámbito competencial, que incluírá as medidas postas en marcha para atender as accións recollidas no artigo 16.3.d) e os resultados derivados delas. Así mesmo, incluíranse todos os informes de revisión da accesibilidade realizados segundo o previsto no artigo 17.

c) Informe de seguimento sobre a promoción, concienciación e formación dentro do seu ámbito competencial, que incluírá as medidas postas en marcha para atender as accións recollidas no artigo 16.3.e) e os resultados derivados delas.

2. Para facilitar as tarefas do Ministerio de Política Territorial e Función Pública colaborarán con este a Rede de contactos de accesibilidade dixital das administracións públicas do artigo 20, todas as unidades responsables de accesibilidade e todos os actores implicados nas diferentes actividades de revisión da accesibilidade, procedemento de reclamación, promoción e concienciación, formación e coordinación previstas no presente real decreto.

Para iso, deberán subministrar a información específica en tales áreas cos modelos, condicionantes e procedementos que estableza o Ministerio de Política Territorial e Función Pública.

3. Para a definición dos modelos, condicionantes e procedementos que permitan coñecer regularmente e informar sobre estas materias, o Ministerio de Política Territorial e Función Pública poderá contar coa participación:

- a) Da Rede de contactos de accesibilidade dixital das administracións públicas.
- b) Dos órganos de coordinación en materia de tecnoloxías da información da Administración xeral do Estado previstos no Real decreto 806/2014, do 19 de setembro.
- c) Da Comisión Sectorial de Administración Electrónica establecida na disposición adicional novena da Lei 40/2015, do 2 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- d) Do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica establecido no artigo 44 da Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza.

Artigo 20. *Rede de contactos de accesibilidade dixital das administracións públicas.*

1. Créase a Rede de contactos de accesibilidade dixital das administracións públicas con funcións de asistencia ao Ministerio de Política Territorial e Función Pública regulado

no artigo 18, que terá a consideración de grupo de traballo dos previstos no artigo 22.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

2. A Rede de contactos de accesibilidade dixital das administracións públicas estará integrada:

a) Polas persoas titulares das unidades responsables de accesibilidade da Administración xeral do Estado.

b) Polas persoas titulares das unidades responsables de accesibilidade das comunidades autónomas.

c) Polo menos, por un punto de contacto provincial que agrupará as entidades locais desa provincia e que poderá estar provisto pola correspondente deputación provincial, comunidade autónoma, consorcio ou federación de municipios, considerando as súas características territoriais concretas e de acordo coa normativa específica de réxime local.

d) Por unha persoa designada ao respecto por parte da Conferencia de Reitores para as Universidades Españolas, que agrupará as universidades.

e) Por unha persoa designada ao respecto por parte do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica, que agrupará as entidades do ámbito xudicial.

f) Polas persoas titulares das unidades responsables de accesibilidade dos demais entes obrigados que non estean cubertos polos anteriormente indicados.

g) As asociacións comprendidas no artigo 2.1.e) participarán a través dun dos membros anteriormente indicados, considerando o tipo da entidade con participación maioritaria na asociación.

3. As persoas integrantes desta rede de contactos actuarán como difusoras e agregadoras da información dispoñible de todas as entidades a que representen ou agrupen.

4. As designacións, modificacións ou baixas das persoas integrantes desta rede deberán ser notificadas ao Ministerio de Política Territorial e Función Pública.

Disposición adicional primeira. *Criterios de accesibilidade aplicables aos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles con financiamento público.*

As administracións públicas exixirán que se apliquen os criterios de accesibilidade dos artigos 5 e 6 do presente real decreto:

a) Aos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles que reciban financiamento público para o seu deseño ou mantemento.

b) Aos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles, vinculados á prestación de servizos públicos, de entidades e empresas que se encarguen, xa sexa por vía concesional ou a través doutra vía contractual, de xestionar servizos públicos, en especial, os que teñan carácter educativo, sanitario, cultural, deportivo e de servizos sociais.

c) Aos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles dos centros privados educativos, de formación e universitarios sostidos, total ou parcialmente, con fondos públicos.

Disposición adicional segunda. *Criterios de accesibilidade aplicables aos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles dos órganos constitucionais do Estado e dos órganos lexislativos e de control autonómicos.*

Os criterios de accesibilidade recollidos no presente real decreto serán de aplicación aos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles dos órganos competentes do Congreso dos Deputados, do Senado, do Consello de Estado, do Consello Económico e Social, do Consello Xeral do Poder Xudicial, do Tribunal Constitucional, do Tribunal de Contas, do Defensor do Pobo, do Banco de España, das asembleas lexislativas das comunidades autónomas, así como ás institucións autonómicas que realicen funcións análogas, en relación coas súas actividades suxeitas a dereito administrativo e con suxeición á súa normativa específica.

O titular da unidade responsable de accesibilidade de cada un destes órganos poderá formar parte, se así o decide a institución concernida, da Rede de contactos de accesibilidade dixital das administracións públicas.

Disposición adicional terceira. *Linguas de signos españolas e medios de apoio á comunicación oral.*

Respecto das linguas de signos españolas e dos medios de apoio á comunicación oral, os sitios web e as aplicacións móbiles terán en conta o que dispoña especificamente a Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, e as súas normas de desenvolvemento.

Disposición adicional cuarta. *Non incremento de gastos de persoal e unidades responsables de accesibilidade na Administración xeral do Estado.*

Conforme o establecido na disposición adicional trixésimo novena da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, as medidas incluídas nesta norma non poderán supoñer no ámbito da Administración xeral do Estado incremento de dotacións, nin de retribucións, nin doutros gastos de persoal.

As funcións que corresponda desenvolver ás unidades responsables de accesibilidade serán asignadas a unidades xa existentes.

Disposición transitoria única. *Modelo de declaración.*

En canto non se publique o modelo de declaración a que se refire o artigo 15, aplicarase por defecto o modelo de declaración de accesibilidade que a Comisión Europea estableza mediante os correspondentes actos de execución previstos na Directiva (UE) 2016/2102, do 26 de outubro de 2016.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto no presente real decreto e, especificamente, os artigos 5, 6 e 7 do Real decreto 1494/2007, do 12 de novembro, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social, aprobado polo Real decreto 1494/2007, do 12 de novembro.*

O artigo 9 do Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social, aprobado polo Real decreto 1494/2007, do 12 de novembro, quedará redactado na forma seguinte:

«Artigo 9. *Condicións básicas de accesibilidade en servizos e produtos de confianza.*

Os servizos de confianza prestados e os produtos para as persoas usuarias finais utilizados na prestación destes servizos deberán ser accesibles para as persoas maiores e persoas con discapacidade. Excepcionalmente, esta obriga non será aplicable cando o produto ou servizo de confianza non dispoña dunha solución tecnolóxica que permita a súa accesibilidade.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

A presente norma dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a e 18.^a da Constitución, que atribúe ao Estado as competencias para «a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento das obrigas constitucionais» e, para regular «as bases do réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común», respectivamente.

Disposición derradeira terceira. *Incorporación de dereito comunitario.*

Mediante o presente real decreto incorpórase ao ordenamento xurídico a Directiva (UE) 2016/2102 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2016, sobre a accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles dos organismos do sector público.

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento normativo.*

Facúltanse os titulares do Ministerio de Política Territorial e Función Pública e do Ministerio de Economía e Empresa, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditaren as disposicións adicionais necesarias para a aplicación e desenvolvemento do establecido no presente real decreto, así como para acordar as medidas precisas para garantir a súa execución e implantación efectiva, sen prexuízo das competencias propias das comunidades autónomas de desenvolvemento e execución da lexislación básica do Estado.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», coas seguintes excepcións:

Para os sitios web, as disposicións previstas nos artigos 10.2.b), 12 e 13 serán de aplicación ao ano da entrada en vigor deste real decreto e aos dous anos para os sitios web xa publicados.

Todas as disposicións relativas a aplicacións para dispositivos móbiles serán de aplicación desde o 23 de xuño de 2021.

Dado en Madrid o 7 de setembro de 2018.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade,
CARMEN CALVO POYATO